

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*RESOLUCIÓN do 12 de xaneiro de 2022, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, relativa á publicación das puntuacións definitivas e finalización da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso na categoría de médico/a de admisión e documentación clínica, convocado pola Resolución do 13 de decembro de 2019.*

Mediante a Resolución do 25 de novembro de 2021 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 238, do 14 de decembro) procedeuse á publicación do modelo definitivo de respostas dos distintos exercicios así como das puntuacións provisionais da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso na categoría de médico/a de admisión e documentación clínica, convocado pola Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 13 de decembro de 2019 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 246, do 27 de decembro).

A base oitava da resolución de convocatoria do proceso dispón que tras a publicación das puntuacións provisionais dos exercicios, os/as aspirantes poderán presentar reclamación ante o tribunal no prazo de cinco días hábiles seguintes ao da devandita publicación, unicamente de existiren erros na confección aritmética da puntuación obtida.

A estimación ou desestimación das reclamacións entenderase implícita na resolución pola que se aproben as puntuacións definitivas dos distintos exercicios, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*. Se no mesmo período o tribunal, de oficio, aprecia algún erro na confección aritmética da puntuación obtida na fase de oposición por algún/algúnha aspirante, poderá proceder á súa corrección.

Finalizado este prazo e de conformidade coa antedita base, este centro directivo

**RESOLVE:**

Primeiro. Dar publicidade, a través da páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)), ás puntuacións definitivas obtidas polos/as aspirantes presentados/as en cada un dos exercicios que integran a fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso na categoría de médico/a de admisión e documentación clínica, convocado pola Resolución do 13 de decembro de 2019 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 246, do 27 de decembro).



Segundo. Declarar finalizada a fase de oposición do referido proceso selectivo.

Terceiro. Esta resolución poderá ser impugnada polos/as interesados/as nos termos previstos nas bases 7) e 11) da resolución de convocatoria do proceso.

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Ana María Comesaña Álvarez  
Directora xeral de Recursos Humanos

